

A NOSA TERRA



Ano XXXV — Núm. 487

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.978

CORRE ARGENTINO Cent. B

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 3727

BOS AIRES, DECEMBRO DE 1953

COMO EN 1599

Ollo ao Peixe, Sres. Carpetobéticos!

No mes de febreiro do dito ano, reuníuse na cidade da Cruña a Xunta do Reino de Galiza para tratar, principalmente da restitución do voto en Cortes, que á nosa Patria lle habían quitado os Reis Católicos e que ilexítimamente ostentaba a cidade de Zamora, que desexito tutelaba os nosos destinos. Constituída a Xunta cos representantes das sete provincias galegas, acordou elixir aos deputados de Sant Iago e Botanzos, Sres. Lope Osorio de Mercado e Fernán Díaz de Rivadomeira, respectivamente, para que foran á Corte, a solicitar do rei, "por vía de gracia", a concesión de mencionado voto; e no caso de que en tal forma non o conseguiran, que ofreceran "algunha cantidade de diñeiro".

Felipe III non se dinou alicerar ao humillante petitorio dos delegados galegos, e estes voltaron sumisos á súa Terra, sen faceren a menor protesta pol-o fracaso da súa misión.

Insistiu máis tarde o Reino de Galiza na súa demanda, e por fin conseguíu, ao cabo de máis dun século de xestións, que o rei Felipe IV, por Real Cédula de 5 de Abril de 1625, lle devolvese o dereito de nomear procuradores en Cortes, tendo en conta, di a citada cédula, "que el Reyno de Galicia es muy extenso y dilatado, y los muchos y grandes servicios que sus naturales han hecho a nuestra Corona Real, y que está en él el cuerpo del glorioso Apóstol Santiago, y por "averso esforzado a servirnos con cien mil ducados para fabricar seis navios de armada, precisamente necesarios en aquella costa". ¡Con tal eufemismo se encubreu a vergonza de mercar un dereito que se lle debe a todo povo ceibe!

Oxe, de novo se da un caso moi semellante ao que vimos de relatar. Craro está que as diferencias entre un e outro son enormes, pero o bochorno para nós é o mesmo.

Unha longa ringleira de eisecentísimos e ilustrísimos señores, encabezados por dous cardenales, un patriarca e un abade mitrado, dirixíronse ao ministro de Educación da Hespaña para suplicarlle humildemente a restauración da cátedra de Filoloxía Galaico-Portuguesa, que en Madrid ditaba o Sr. Armando Cotarelo e que, ao xubilarse éste fai cinco anos, quedou sen provistar.

Este pedido débese cecais ao feito de crear en Madrid unha cátedra de Lengua e Literatura catalanas, outra en Barcelona de Lengua e Literatura casteláns e outra en Salamanca adicada ao estudo do vascuence.

Os outros señores galegos, que disfrutaban suculentas prebendas pola súa incondicional adhesión ao réxime falanxista, sintense ao parecer un pouco do dos pol-a "preferición" de que foi ouxeto Galiza, "en relación con outras rexións da Hespaña". Así din eles, nunha misturanza noxenta de nomes tan sagrados como os de Rosalía, Curros, Pondal e outros, igualmente respectables, co de Calvo Sotelo, o home eisecrabel que prefería "unha Hespaña roxa a unha Hespaña rota", e co da persoa máis indina que poido haber nacido en Galiza.

Acórdanse agora de protestar por tan pouca cousa, e non protestaron cando se fusilou a Bóveda, e cando tantos mártires galegos foron vítimas da barbarie falanxista. Protestan porque non se provista unha cátedra de lingua galaico-portuguesa, e cálanse diante da persecución do noso idioma, do seu propio idioma, que é prohibido, non só nos aitos públicos, senon até nos xornales, libros e revistas. Protestan porque en Madrid non se reestabrece a cátedra que debía de estar en Sant Iago, e permanecen mudos cara ás inxustizas que se cometen na nosa Terra en contra dos que máis amor demostran por ela.

¿Qué cras de galegos son eses señores que falan de "patria chica" de "nuestra querida España" e da "indisoluble unidad de España"? Son vulgares lacaios que servilmente se dirixen ao amo en súplica reverente, con medo a que lles dé un puntapé nas nádegas.

Non os intresa tal xente, nin nos conmove a súa atitude cómica. A "rexa persoalidade de Galiza", que eles tamén invocan, non precisa de tales defensores, arráns que croan na charca infecta. Ao seu debido tempo a nosa Terra ergueráse coa decisión de conquistar os seus dereitos, e non haberá ningún que a deteña. Poden, mentras tanto, os eisecentísimos e ilustrísimos que oxé chupan o sangue do povo e viven arrastrando a súa dinidade aos pés dos que enloitaron e escravizaron á nosa Patria; poden, dicimos, xogar ao galeguismo e facer creer aos inxenuos que sinten a Galiza e que sofren pol-os seus desprezos, que xa son seculares; pero non conseguirán máis que poñerse en ridículo e mostrar a súa condición de escravos, que lles cruza a cara a tralla do capataz.

A nós non-os engaiolan cos seus arrumacos vergonzantes. Hai que definirse con claridade. A unha banda ou a outra. Non se pode estar con Deus e co demo. O que sinta a súa conciencia de galego ben afincada no seu espírito, debe de romper con toda sinxeleza cos inimigos da nosa Terra. Hai que ter a valentía de axecitar a conduta á propia maneira de pensar. O demais é unha simple cuquería, que de nada haberá de valer no momento de rendir contas. ¡Entón serán xuzgados por galegos traidores, anque haxan firmado o probe manifesto que comentamos....

Oxe, como no século XVI, salvando tempo, asunto e persoaxes, Galiza será defraudada. O Felipe III que agora manda, non atenderá as lamentacións dos seus criados, que, por outra parte, non se darán por ofendidos e seguirán gozando das sinecuras que graciosamente lles foron concedidas. A revolución de palacio esvaeráse sen deixar nengunha mágoa, mellor dita, unha soa mágoa, a que sufrirá Galiza.

Máis tranquilícese as señorías, que total-as ofensas que se lle fixeron e se lle fagan á nosa Patria, haberán de ser oportunamente vingadas. O povo que se erga para reconquistar os seus dereitos arrebatados, non esqencerá aos fillos que a deshonraron e aos que a enalteceron. Para todos haberá a debida xustiza. E así como os nomes dos que oxé asoballan aos novos irmáns desaparecerán cubertos de opprobio, brillarán tamén os que traballaron por Galiza, sen temor a que a súa vida fose doada en aras dos seus ideais.

Con témero carraxe, o escuadrón d'escribas que acaudilla (eraro que nominalmente) Don Patricio Cayón arremete contra dos yankees e... dos galeguistas. Máis contra dos galeguistas. Todo elo envolto en melosos e hipócritas chamados á Unidade, recomendando aos demais que esquen zan agravios, posterguen as propias aspiracións e deixen as posicións adoitadas pra ocupar as que eles lles fixan. Eles, que ademais de gozar do divino privilexio da infalibilidade parecen que teñen patente de corso pra atacar as cidadelas alleas impunemente: quen se defende, é un provocador ou un traidor.

Pois sí; co gallo das trapisoadas en que andan metidos don Paco e mister Ike, por cada cantazo que tiran ao tellado do falanxismo e dos yankees zumbanlle catro ás cristaleras do galeguismo.

¿Por qué esta teima de convertírenos en cabeza de turco, de querernos facer pagar a nós as bases rotas? ¿Será por aquilo de que o Caudillo naseu en Galiza, cousa que decote non lembran os hespañoles? (Qué imos a facerlle; a nosa doce terra tamén produz lobos, xabalís e outras alimañas). Pro imos que nado en Galiza, non hai noticias de que lalase nunca en galego, nin de que "odíase a los españoles de otras regiones" por prexuízos nacionalistas galegos (Xesús, meigas fora!). Pola contra, nese senso pódese considerar un hespañol modelo, coma os que lle sostan ao infálbel Don Patricio, e

merese con toda xusticia que se lle clasifique como "galegiano e non como gallego. O "rexionalismo san e ben entendido" de un e outro preséncese como una plaga de auga a outra pinga de auga.

A cousa comenza na primeira páxina, no editorial, e mantense até a derradeira, onde o sedicente "dire" do periódico n-unha décimónica descripción das belezaas da ría d' Arousa, entre cursilerías que ruborizan e abafantes tropos, ceiba a morriñada súa "preciosa" xuventude, en que os galegos avergonzábanse de selo e de falar galego soportaban mansenidamente os aldraxes dos hespañoles e as tropelías do Estado hespañol. (E a propósito, a "preciosa" xuventude do bucólico Cayón debe estar moi loxana; debe de ser anterior a xeneración de Castelao, dos irmáns Vilar Ponte e toda esa magnífica pléide de galegos, cúa loita reivindicadora tanto lle desagradan).

Pro comencemos pol-o comenzo, pol-o editorial, que abre o fogo con estas verbas que non traducimos pra que non poida suporse que as desvirtuamos:

"Algunos hay en la colectividad gallega (reparase que o editorialista nunca di "nuestra colectividad": predomina o subscoscente de hespañol; ¡Non sexa que o tomen por "gallego"!), para los cuales la entrega de bases en Galicia y otros lugares de España nada supone. Para ellos el mayor enemigo no es el falanxismo, no son los americanos, son... los

propios hespañoles de otras regiones".

Inda que o monífate escribidor non merece máis que o desprecio por toda resposta, imos a contestalle en honor aos lectores do xornal que en millores tempos pra él foi un decidido voceiro da causa de Galiza.

Dende logo o asunto das bases non nos produz tanto calor. Non imos a abraírnos pol-as traicións que poida cometer o Gran Traidor, nin racharnos as vestiduras por unha máis, como si debiera esperarse outra cousa d'él. Quen levou a monros, itálicos e xermanos pra arrasar o chan hispánico, non iba a ter eisecrúpulos cos señores do dólar. Por elo, a inominio sa entrega doinos máis que nada dende o punto de vista político, por canto supón un reforzo pra o tránquico réxime imperante, que verá gardadas as súas costas pol-os terroristas da bomba atómica fronte aos esforzos liberadores dos povos hispánicos.

Por outra banda, as bases que entren a posouir os yankees na nosa terra non pode alporizarnos do xeito que aos hespañoles. Pra nós ven a ser algo eisí coma unha espía sobre mollado; porque as devanditas bases xa estaban en mans estranxeiras, en mans nemigas, en mans do prepotente Estado hespañol, que nunca as utilizou pra defender e protexer ao povo galego, senón pra opresalo e escanecelo. No territorio e (Continúa na pax. 4)

A Nosa Renacencia Literaria

"Pois sóo pode chamarse, con propiedade, cultura galega, a que o noso povo alumea no idioma galego".
A. ALONSO RIOS.

Tanto por homes d-aquén como d. algún mar lévase dito xa moitas vegadas, que a renacencia cultural galega abrangue hoxe unha ampritude antes nunca igualada, e tanto se leva repetido isto que moitos dos mozos que nesta hora tráixica da nosa historia van despertando a realidade galega coidan, nefuto, que estamos superando aquel grarioso rexurdir anterior ao ano 36. Coidamos que tal apreciación confire un valor eisecisivo ao esforzo aital e pode trocarse unha forza negativa na loita por conquistar os nosos ideais, de xeito que pensamos é mester precisar ben os seus alcances.

Non negamos a importancia do que se está a facer, pro é mester valoralo axecitadamente e non esqecer a magnitude do esforzo eixempreda xeneración anterior ao ano 36, que partindo dos balbordes dos Precursors, acadou unha ourefación firme á nosa renacencia cultural e, sobor de todo, un ideal político ao noso rexurdir. A realidade aital, ao meu ver, está lonxe de responder a tanta gabanza e vamos a tratar de o mostrar sentando denantes a premissa, para nos indispensable, de que cultura galega é sóo a que se fai en galego. O demais, pra nos, mozos nacionalistas (con perdón dalgún europeísta que nega que Galiza sexa unha nación), é cultura hespañola ou castelán, inda que trate de cousas galegas. E voLo contrario, obras como "Alem" do mártir Xaime Quintanilla, desenrolada nun ambiente extraño e non figurando nela ningún persoaxe galego, considerámola obra

netamente galega, por estar escrita no noso idioma.

E agora veremos algo de que houbo antes en Galiza e o que se leva feito agora: No 36 había dúas editoriais, "Nos" e "Iar", que publicaron no decurso de moi poucos anos máis de cen obras en galego. A primeira editou setenta e seis títulos que comprendían teatro, novela, viaxes, historia, etc. e a segunda, ademais de varias obras de maor envergadura, levou ao prelo corenta e dúas novelas curtas, todas de subido valor literario e filolóxico. A colección "Céltiga", do Ferrol, editorial "Alauda", d'Ourense, colección "Ultrey", "Alento", "Renacencia", "Libredón"..., que sóo editaban libros en idioma galego, son probe do que daquelha se facía, tendo en conta que sóo algúns dos libros impresos pol-o "Seminario de Estudos Galegos", "Terra de Melide", "Parroquia de Velle" — por exemplo —, son obras, cada unha de por sí, pra lle dar categoría universal á nosa cultura e á nosa lingua.

Despóis do 36, aparte duns cantos libríños de versos, non moitos, de mediana calidade literaria a maoría, dúas traducións do alemán—"Musa Alemá" e o "Cancioeiro celta de Pokorny"— e os "Carmina" de Hora, cío, ¿qué obras en prosa ficarán para a posteridade, diñas de figurar nas antoloxías? Moi poucas. Citemos a novela de Carballo Calero "A xente da Barreira", "Por os vieiros da saudade" de Otero Pedraio, "O desengano do Prioiro", do mesmo autor, o ensaio de R. Piñeiro "Sintetizado metafísico da saudade", e ahí teremos que parar. Non coidamos que ningún sexa tan iluso que pense que iso é unha gran produción, tendo en conta que comprende un período de 17 anos.

Máis ¿cómo imos a ter unha grande produción en galego se os nosos literatos e investigadores, espaxados por mor da persecución franquista, están utilizando a oito o idioma castelán para todos os seus traballos? A loita é dura e non é estrano que nestos intreos en que o fetxismo quere abafar o noso rexurdimento, xunto coa liberdade das nosas xentes, aparezan desertores do galego.

A nós nunca nos engaiolaron as románticas declamacións de xentes que prometían escribir en portugués se lles prohibían facelo en galego, pero non por iso nos doen menos as súas faltas de firmeza nos intreos en que o noso idioma se ve proscrito. Primeiro foron uns poucos desertores de zona, que indubidablemente tiñan feito moito por Galiza; despóis o seu pernicioso exemplo foi seguido por moitos outros que cobizosos de ver o seu nome en letras de imprenta, achán unha ou outra desculpa para desertar do galego e escribir en castelán.

Frente a esta debilitación da loita en defensa do noso idioma, o galeguismo ten de reaxer varilmente, ser intransigente coas eisudicacións e evitar feitos tan pouco edificantes como o que galeguistas recoñecidos, dun longo e honroso historial, anden por ahí a discursar con grande prodigalidade no idioma oficial en certa ocasión se lles presenta propicia. Ben sabemos que todo isto é consecuencia, en primeiro lugar, da tralla hespañolista, mais tamén coidamos que é falta de patriotismo, de ética e de valentía, que é mester superar. O primeiro deber dun galeguista é ser consecuente cos ideais que defende. Galiza, outono do 53.—

V. O. U.

CASTELAO

O PROUSIMO NUMERO DE "A NOSA TERRA" SERA INTEIRAMENTE ADICADO A LEMBRAR AO NOSO GRANDE GUIEIRO.



A AGRUPACION "CELTA" tamén deu o seu banquetiño e aos postres, como é de práctica, fixeron uso da verba varios oradores entre eles, Ferreño, este simpático e movedido "hincha" de futbol metido a dirixente da coledividade, que está en todas as partes, como Deus, cando non está berrando na cancha...

É tan movedido, tan movedido o mozo, que pasa como un lóstrego d'un discurso d'eisaltación "Cesareano" a unha parolada democrática, "onde o home ten dereito á liberdade máis absoluta"...

— Eu non enxergo a este home — deiciame un amigo moi metido en "políticas" da coledividade.

— ¿Ti entendes de fútbol? — espeteille.

— Non. De fútbol, non.

— Daquela, endexamáis enxerguerás a Ferreño...

Ferreño, meu vello, xoga a política como si fose ao fútbol. É a defenza e o ataque en función violenta e rápida na procura do gol. Saber colocarse a defensiva de xeito atal, que diante dunha situación de perigo pra vaila, os dianteiros contrarios "caian" no "orsay"...

— Logo é por iso que na Asamblea de Representantes, o Ferreño berraba tanto ¡orsay!! ¡orsay!! ¡orsay?...

— Vas entrando, meu vello, vas entrando Mais procura entrar a miúdo nas canchas de fútbol e daquela enxerguerás doadamente a Ferreño...

"ENTRIMO Y LOVIOS" por el Frente Nacional (¡Pillame esa mosca polo-rabo!...).

Al tendes si a querendes, a emocionante, heróica e despampanante programa de "Entrimo e Lovios" diña do famoso alcalde de Móstoles, firmada e siñada pol-os heróicos e sagregicados compañeiros, Ricardo Gallego e Santiaguño Domínguez, "mandamáis de lovios i, Entrimo, residentes nesta grande e tolerante cidade de Santa María del Buen Aire, onde calisquera compañeiro mamalón, síntese con folgos d'abondo para firmar unha heróica programa...

SAEU DE MADRI, camiño da súa terra, o señor Isa Bandek, arastra embaixador vordano diante da súa Maxestade Pao I...

No intre de tomalo avión dixo o moreno Bandek: "Puiden comprobar que un paréntese de costumes e tradicións civiste entre a persoa hespañola e a árabe"...

D'acordo, d'acordo... ¡ámala, ¡ámala, bairano, bájala, bájala...

O "FARO DE VIGO" publicou un longo petitorio que foi elevado ao ministro d'Educación do goberno falanxista pra que repaña na Universidade de Madrid, a cátedra de galaico-portugués.

O petitorio de marras, que vai avalado polo-máis enxeito da realidade galega, con Eljo Garay á cabeza (meigas fora...), ten uns considerandos tan servís e humillantes pra nazonalidade galega, que elo nos fai lembrar a vergonzosa merca por Galiza do voto en Cortes...

POR OUTRA BANDA, postos en "patriotas galegos" — esos dous gardenais, un Patriarca, un Abade Mirado, dous Subsegredarios, nove directores xerais, etc. etc., etc., porque non pideu pra que sexa Compostela e non Madrid quen diute a cátedra do noso idioma? Porqué non protestan pola persecución oficial do idioma galego na nosa Terra?

Conveñamos eu que todo isto non é máis que unha burda farsa pra entreter parvos. Sabemos do poder omnívodo do Patriarca Bispo de Madrid, Alealá, Eljo Garay. Unha soia indicación deste gran inquisidor da Hespaña falanxista, é toda unha orde...

En canto a cátedra de galaico-portugués na Universidade de Madrid, coidamos, sen temor a trabucarnos, que se consigue cun bon xamón de Monterroso...

DON PATRICIO CAYON, a pedido especial, según ele, duns amigos arousanos, fixo un longo periplo pol-a fermosa ría d'Arousa e ao efecto, como as circunstancias o aconsellan, o pintoresco héroi desta arriscada aventura náutica, mercouse un traxe d'augas, unha cana de pescar e unha bruxula, e deste xeito adoviado, aí-temos ao gran pavero Don Patricio Cayón navegando a barlovento.

Pol-o mar abaixo
Vai unha troita de pé,
Corre que te corre
¡Ai! quen-a poidera coller

No seu aventureiro percorrer pol-a grande badía, Don Patricio decote tan atento con nosco, os galeguistas, adicanos unhas lembranzas, que moito lle agradecemos, pol-o que nos divirte... "he vuelto a vivir, mientras escribía las cuartillas, los tiempos preciosos de mi juventud, en que los gallegos, sin dejar de serlo, no sentían animosidad contra otras regiones, ni fomentaban divisiones..."

Meu vello e caro Don Patricio, O mundo, camiña e non hai xeito de detelo. O povo galego xa non vai tolerando o réxime de colonia, e tempos virán — e máis axiña do que voste pensa — na Terra en que escorrentarán a fungueirazos aos hespañois, e peuduraran aos traidores.

Tempo ao tempo, Don Patricios...

"HAY QUE DEFINIRSE!"...

¡Hagan juego, señores, hagan juego!.. Berran adoecidos os reacionarios e centralistas "rabanitos" hespañois, a pilla de mamalóns...

"Hagan juego, señores, hagan juego!.. ¡Salvemnos a nuestra querida España...! ¡Salvemnos nuestro idioma castellano a punto de ser atropellado...! ¡Formemos el Frente Nacional...!

"¡España Una y Grande...! Nuestro glorioso Caudillo ha salvado a España de la barbarie y la destrucción!.. Berran adoecidos os falanxistas...

¡Hagan juego, señores, hagan juego!..

OS "RABANITOS" DIXERON por fin unha verdade. Nós non diriximos a ninguén. Nós despertamos arelas e sentimentos, mais non diriximos a ninguén, porque coidamos de boa fé que o home é un ente libre, que debe pensar por conta propia, ao seu leal saber i entender. Os dirixidos, quedan pra eles...

NA LINA DA TRAIÇÕES... No banquete que deu unha Agrupación do Centro Galego, onde ten o seu niño canto treidoreiño a Galiza e ao seu povo, anda a belugar na nosa coledividade, sentaron na cabeceira ao representante dunha prebe entidade galega que lle anda a bicar a man ao embaixador de Farnaxe...

Falo que se oía, o pacto, que non é precisamente o do Atlántico, mais aí, que xurdeu como unha necesidade temporal aprol da nosa máisima institución, aproveitano estes treidoreiños de "a dous o patación" pra limparlle de seixo o camiño a súa eisecelenza quen está moito alitrada polo-fracaso dos seus criados...

E A PROPOSITO DA SUA FISCELENZA Don Manuel Asnal ex periodista avontaxado, ex republicano tamén avenaxado e hoxe como embaixador talanxista ao servizo de Pao I dirixíndose a dous homildes treidoreiños ao

seu servizo, berroilles carraxato: oye tú, José, y tú también Manolillo, que buen par de palmazos estais hechos... ¡Vamos!, que no valés pa ná... ni disfrazados de roxillos republicanos habéis hecho ná para que dejé de ondear en la cabecera del Centro, la bandera separatista gallega...

¿A todo esto, me preguntado, que hago yo aquí y a quién represento? Hasta por momentos, pienso si vosotros, con vuestra cazurrería gallega, no sois separatistas disfrazados de filanxistas...

LORENZO FRAGOSO

que significa todo esto?.. deca

Tamen nós os galegos preguntamos hoxe máis que nunca de dónde vimos e adónde vamis, e de dónde veñen e adónde van as nosas cousas. Os traballos do seminario e os atuais en col d'unha maxistral historia están enfundados na mesma corrente do pensamento pois estamos a ver si Galliza é unha cousa máis que queda como mostra do seu paso pola hestoria ou existe con folgos bastantes como pre se erguer como cousa viva e seguir andando con renovado espírito no concerto cultural contemporáneo.

¿Qué quer decir existir? Pois non é o mesmo que ser. Unha pedra é, mais non existe. A existencia, non é un estado dado sinon un acto. As civilizacións fósiles, tales os cristianismos monofisitais de Armenia, Mesopotamia, Exipto e Abisinia, os nestorianos de Kurdistán, os budistas mahayanianos lamaístas do Tibet e Mogolia, os linayanianos do Ceylán, Birmania, Thailandia e Bodge e os jeinás da India, son, mais non existen. Son porque eñi están os seus froites pre estudio de toda clase de investigadores, mais non existen porque, morreron como acción dinámica d'unha sociedade humana capaz de dar signos da súa presenza no concerto universal.

E nós, os galegos, existimos ou non existimos? Falando máis craro, ¿somos galegos ou non somos? Nunha verba, ¿o noso xeito de ser na vida acreditanos unha personalidade única, propia a xeito a unha postura, a actos positivos, que nos diferencian dos demais grupos culturais? Iste é o noso problema de hoxe craramente prantexado xa e en plea marcha no povo galego. O que nos leva a este encontro con nós mesmos, como xa dixen de antes. E así, consentes da nosa existencia de povo galego, ou mellor, de nacionalidá galega, aprestámonos a seguir a sentenzia de Nietzsche en que "o home debe asumir o destino a que foi verixen ante lanzado". Destino engadimos nós que nos é propio e en ningún intre nos ten de seguir vindo supervisado por xente con mentalidade aliea a nosa. Iste nosa actual postura, entonces, non é un pequeno problema que se lle presenta a Hespaña, sinon unha corrente do sentir universal, eso sí, máis definitivamente na mentalidá latina, mas que ten os seus representantes no catolicismo con Gabriel Marcel o neosocrático, como é ao chamaba.

Hai unha cousa que se chama vivir e outra que se chama existir: un existir existir, deca Gabriel Marcel, Karl Barth o teólogo protestante, Heidegger e Sartre no ateísmo. O primeiro deca: "a cuestion que me preocupa non é a existencia do home, é a do ser no seu conxunto e como tal. Nós os galegos tamén pensamos hoxe que os povos como os homes, non son, sinon o que fan de si mesmos, e por iso Galiza xa non se contenta con vivir sinon que quere existir e pra eso está reagrupando todas as súas forzas culturais e políticas, disposta a dar no intre oportuno un gran paso e entrar na historia contemporanea co paso firme do que se sente seguro de si mesmo. A o povo castelán le tocará no seu intre volver a realidade, e deixando d'unha vez por todas o quixotismo a un lado, demostrar que a caridá ben entendida empeza por casa. E si o atopamos merecente da nosa xeneración, inda por a ser que atopo en nós un povo amigo que lle dá unha man, mais entonces, de igual a igual.

AITO NO CENTRO PONTEVEDRES

Co gallo de reguense a nosa propiedade adquirida derradeiramente polo Centro Pontevedrés na rúa Sarandí 847 as autoridades da dita entidade organizaron un asado que tivo efecto o 19 do corrente mes e nos que acháronse presentes nutridas delegacións das máis caracterizadas entidades da coledividade.

Pra destacar a satisfacción que o pulo tomado derradeiramente polo Pontevedrés prodós no menis colectivos, púxeron uso de verba os Srs. Antón Rodiño, Cándido Rey, Bieito Cuperío, José Rodríguez, e José Iglesias os que abundaron en consellos loubaveis pro o Centro Pontevedrés, que ademais de haacharse en franco progreso no aspecto material, non esquece os deberes coa patria: Galiza, polo que todo bon galego ten a obriza de Collar.

CEA DO CONSELLO DE GALIZA

Como ven acontecendo todo los anos, o Consello de Galiza agasalhou o 19 do corrente, no restaurant La Cabaña, a todolos persoeros que na nosa coledividade destacanse ao través do ano na defenza dos dereitos e dos intereses de Galiza.

O dito agasallo consisten unha cea, na que se atopaban presentes compartindo a cabeceira da mesa, o Segretario do devandito Consello Sr. Alonso Ríos, os presidentes dos centros Pontevedrés, Ourenán, Gruiñés, Betanzos, Corcubión, Irmandade Galega, Agrupación Gallega, directores de xornais, revistas, autoridades da Comisión Intersocietaria e outros elementos ativos da nova vida colectiva.

A cea trascurren un ambiente de ledo e alegre optimismo; e ao remate da mesma, o Sr. Alonso Ríos pronunciou unha belidá allocución patriótica, na que despúis de faguer un balance das laborsas do ano que finía, espuxo un programa de realización que tera de levarse a cabo um porvir inmediato, e que daránlle a Galiza unha cada vegaña meirande xerarquía no concerto dos provos cultos.

Premio ao Dr. Fiz Fernández

Na galeria Nordiska, tuvo lugar derradeiramente unha exposición de obras pictóricas a cargo dun fado de médicos dista cidade, a que nos produxo a grata e ledizosa sorpresa de por de releve as calidades artísticas do presidente da Irmandade Galega Dr. A. Fiz Fernández, que outuvo un dos primeiros premios na devandita exposición.

Felicítamos ao Dr. Fiz Fernández polo eisito outido e desexámonlle unha ringleira de eisitos nas ennoblecedoras disciplinas artísticas.

FIZ FERNANDEZ

Por FIZ FERNANDEZ

AS DEFINICIONS E A POLITICA

Hai homes e, sobre de todo, grupos en política pásanse a vida defíníndose. E chegan a pillarlle tanto apego ás definicións que non lles chega con definirse eles, senón que tamén queren ir a definir a casa do veciño. Os que non temos esta manía das definicións e que non creemos moito en xeneralizacións e abstraccións, non chegamos enxergar nunca cales poden ser as raíces psicolóxicas de esta manía. Podemos pensar que é o descoñecemento da súa propia personalidade, e imposibilidade de trazar unha liña de acción fronte ao desenvolto dos feitos históricos, a inseguranza nos principios motores de humanidade na súa evolución histórica... ou ceais calquera d'esos complexos que Freud puso de moda. En troques, sabemos ben cales son as razóns políticas de ese constante xogo de definicións. Refinense para xustificar a consecuencia da súa inconsecuencia a verdade da súa mentira a reititide da súa sinuosidade; a corrección da súa incorrección; a lealdade da súa deslealdade; a senciñeza da súa fiorencia...; en fin, a listeza da súa parveza.

Os galeguistas, señores usurpadores do periódico "Galiza", non temos mester de definirnos diante de cada feito para que a xente sepa como pensamos. A nosa traectoria é limpa, recta e nidia. Os únicos intereses que ousantana n'osa acción son os de Galiza e o único espírito que alenta a noso pensamento é a o espírito de fidelidade e liberdade que lle ven de sempre ao noso povo.

A nosa acción política non coñece variantes e ten un soio oúxectivo: Galiza. Galiza como célula de universalidade, que acade para os galegos a solución ideal aos seus problemas, no concerto de povos libres. E' así a nosa política, está única e indiscutiblemente determinada por Galiza e pol-os seus problemas, e non sabemos nunca de intereses bastardos. Estos intereses de Galiza poden coincidir cos de outros povos, pero non están supeditados aos deles, calisquera que sexan. Galiza sabe por eisencia propia o que é a escravitude baixo outro povo e por eso sintese incompatible con calquer estranxeiro que veña a luxar o seu chan, sexa ele "tanke", francés, ruso, ou marciiano que fora.

Claro que esto parécelles incomprendible aos estancos que usurpan o periódico "Galicia", e nós non pretendemos que o entendan. O que si pretendemos é que esos señores non mintan nin descaradamente, terxiversando feitos e verbas ben claras.

Os misticos señores J. D. Fernández, non necesitan a herda manobra de citar un aneco dun artigo para afirmar que di todo o contrario. Danede a Grecia d'Asia, señor Fernández, xa se coñecen os sofistas, que saben demostrar a verdade da mentira, con moita máis elegancia.

LORENZO FRAGOSO

Pardo de Cela

REFLEIIONS ENCOL DO NOSO HEROINAZONAL NO 470 ANIVERSARIO DA SUA MORTE

O 17 de nadal deste ano de 1953, colle catrocentos setenta anos que o Mariscal Pedro Pardo de Cela foi decapitado xunto co seu fillo, noven de dazasete anos, na praza de Mondoñedo.

Si esculcamos na nosa historia e analizamos doadamente o feito crucial que ceibou ao noso país na súa hexemónica de Castela, chegamos fatalmente a esta magoante conclusión: que aproveitando Sabela de Castela a ocasión propicia de que os señores feudais galegos facíanse a guerra uns aos outros, creando un estado d'anarquía no país, organizou unha expedición de sometimento ao seu poder imperial.

Sabela de Castela, habilísima política, tiña conciencia plea, de que Galiza era un corpo nacional d'illustre tradición cultural, cuxa gravitación esbordaba alén das súas fronteiras.

Por outra banda, tiña motivos de xenreira contra os Galegos pola súa participación en favor da Beltranexa. Era chegado o intre d'esnaquizar a Galiza como nación organizada, cultural e económica-mente pra conquistar a cobizada unidade imperial e, atal efecto, organizou a expedición de conquista, sendo o Mariscal Pero Pardo de Cela, o derradeiro señor feudal galego que lle fixo unha afuzada resistencia, que durou tres anos, e ben podemos afirmar que, coa morte do Mariscal, foi decapitado o corpo nacional de Galiza.

Unha vegada ocupado o país pola imperial Castela, encetouse unha sistemática e criminal acción de destrución dos sillares encol s'afincan a nacionalidade; a súa economía e cultura.

O idioma galego, ao sortir dese intre, foi proscrito. No seu lugar, foi posta a ruda lingua dos conquistadores na escola, na xustiza, na administración, no exército, na igrexa; e o galego, o armoñoso idioma deste grande povo que encetou gloriosos vitorios na cultura d'Ocidente; que foi quen a facer xermolar a maravillosa roseira dos Cancioneiros e a cincelar en pedra inmorteoira o Pórtico da Gloria, arrecoñouse pra o agro, vixinou o homilde refuxio aldeán e ali, acaron de natureza, á beira das rias, no val e na montana, conservouse, ricaz e vivo, na homildeza aldeán e marxeira.

Había que estrangular a economía do país galego e, atal efecto, a raposeira e hábil Sabela, se lle non ocorreu xeito millor que obrigar aos nobres galegos donos da terra, base da economía feudal, a residiren na Corte dos conquistadores e deste xeito, as rendas do país emigraron ao estranxeiro, producíndose como era de supor, con este innobre medida, un estado total de miseria no povo, encetándose dende entón, o éisodo emigratorio dos nosos campesiños coa fouce ao lambro cara aos queimados campos de Castela, primeiro, e a América, despois. E pra rematar cumpríndose o sinistro plan de conquista e humillar o orgullo nacional do noso povo, foille negado o voto a

Cortes, convertíndose asin, o noso país, outrora ceibe e dono dunha grande tradición cultural, nunha probe colonia do soberbo imperio de Castela.

Moito se ten escrito encol da esgrevia figura deste héroi nazonal galego, e ao igual que a grande e lexendaria de Prisciliano, intrénes bastardos por unha banda e inespriacébeis cobardías por outra, lixeron a traxectoria histórica destas grandes personalidades da nosa historia patria.

É evidente que Sabela de Castela, prantexou e levou a termo a súa obra criminal de destrución da nacionalidade galega, botando man a todolos meios ao seu alcance a ponto tal, que consumido o crime de lesa patria contra o noso país teimou convertilo nunha miserábel colonia.

Mais o que a raposeira raíña de Castela non tivo en conta, foi a inmorteoiza forza ancestral da nosa raza, as nosas tradicións e cultura, e, por sobor de todo, a estraordinaria vitalidade do noso armoñoso e doce idioma que, apesares de xeracións e xeracións d'asimilados e Xudas, dende Pardo de Cela a hoxe, permaneceu fidel ao espírito

da raza, cal latexante condenación aos que teimaron o seu eisterniño.

O erro fundamental dos detraítores de Pardo de Cela, finca en non situalo no seu tempo. Esqueceron, craro está, que era un señor feudal e que procedía e situaba en consecuencia, ao igual que os de máis señores feudais daquel tempo. Pretender outra couso é un aurdor.

A todo isto, compre afirmar o seguinte: que si o Mariscal saíra triunfante, no seu nobre empeño de rechazar as forzas imperiais de Castela, que perante tres anos o acosaron convertíndose nunha longa guerra de potencia a potencia, Galiza houbera sido hoxe, unha nación ceibe, en vez dunha colonia primeiro e eispoliada provinza despois, dunha nación eistranxeira.

D'haberese cumprido o fito patriótico do Mariscal Pero Pardo de Cela, Galiza houbera percorrido o seu vieiro histórico traxicamente tronzado o 17 de nadal do ano de 1483, e, ao igual que a súa irmá Portugal, ou xunto con ela, participaría nas descubertas marítimas que tanto benefizo e sona universal lle donarou.

L. F.

Curso de Nacionalismo Galego

As Moceanas Galeguistas, que ademais do pulo i entusiasmo juvenil característico, i eñen situando cum acerto dño de loubanza, a pesares de ser recente a súa organización, le van a cabo derradeiramente a programación dunha xeira cultural que polo éisodo do sen desenrolo, o acerto i a importancia dos temas tratados acodon destacados dintornos.

Consisten elo no ditado de tres conferencias ou cursos de capacitación galeguista que estiveron a cargo dos Srs. Ramón de Valenzuela, Bieito Cupeiro e Rodolfo Prada e nas que se estudaron aspectos históricos, económicos e políticos do noso país.

O día 23 do Novembro no casal do Centro Ourenán disertou o Sr. Valenzuela sobor do tema a Historia de Galiza perante un público número so. foi espolendo con craros e ceñidos os factores determinantes dos nosos curpiens, feitos, tradicións e costumes dos nosos antergos. Faguendo un doado análise das causas que remanece o actual estado de sometimento en que fica a nosa patria, puxo de releve como alccionados pola Historia temos de nos conducir os galegos pra outer encumar a un nivel superior a nosa cultura, estado económico e demais atributos da nosa Terra até outer a súa total liberación, único xeito de que podía acadar as outuras de perfeición a que ten dereito.

A segunda conferencia tivo por encetar o Centro Betanzos. O día 3 de Decembro o Sr. Bieito Cupeiro disertou sobor de problemas económicos de Galiza. Después de sinalar a trascendental importancia que ten o estudo da economía galega pra que a nosa terra acade un axertado desenrolo cultural, político e xeral, pason revista esponde de xeito eraro e con ben documentadas referencias a situación da economía de Galiza rexida pola incapacidade crónica do Estado centralista ao servico dos intrénes doutras temas. Soupo por de releve o conferenciante, manexando datos concretos, de como Galiza pode ser unha nova Suíza, Bélxica ou Dinamarca, sé, o mesmo que nises faises os nosos recursos económicos estínoner racional e certificantemente aproveitados.

A terceira conferencia —derradeira do ciclo— foi ditada polo Sr. Rodolfo Prada e versou en col de: O Ideal Galeguista. A mesma tivo lugar o día 10 de Decembro no Centro Ourenán. Comenzou o Sr. Prada quando un análise dos feitos que cronolóxicamente foron acontecendo limiares do actual movemento nacionalista a prol das liberdades do noso país; foi desenvolando con patrióticos consellos unha esposición de todo los males que padece a patria galega e que fixeron precis a creación demovimento que, abrangendo a cultura, a política e a economía e demais particularismos galegos, trouxo como resultado a creación do galeguismo, única forza caper de faguer voltar a Galiza aos seus canles maturaes.

Toda las conferencias foron se-

guidas con verdadeiro intrés pola numerosa concurrencia que as escoltou, sendo celebradas con grandes demostracións de asentimento todas elas e merecendo os oradores un sin número de felicitacións. Foi sen dúbida este curso de galeguismo un simpáico acontecemento no alccionar da nosa colectividade; por elo com. pre felicitar ás rapazos e rapaces que compoñen As Moceadas Galeguistas polo dinamismo e o patriótica acción que veñen desenrolando.

Entrega Dos Orixinaes da Historia de Galiza

No casal do Centro Ourenán tivo lugar o 19 do derradeiro mes de Novembro un aito de trascendental importancia nos anales da galegidade. Nesa data fóronlle solemnemente entregados a D. Manoel Puente, xeneroso patrocinante da moimental Historia de Galiza, que un fato dos nosos máis prestixiosos intelectuales está levando a cabo, os orixinaes dos dous primeiros tomos disa obra de capital importancia pro desenrolo da nosa cultura autóctona.

Atopábanse presentes niste acontecemento cheo de patriótica emoción os representantes das máis importantes institucións galegas vasca e catalana e representantes da imprensa argentina e galega.

Dou comenzo o aito cando o Sr. Perfeito López encarregado da honrosa misión de faguer entrega dos devanditos orixinaes, pronunciando sinxelas i emocionadas verbas, puxo os mesmos en mans de D. Manoel e confundense con ele nunha longa e pechada aperta, a que lle trasmitían, repuxo, os irmáns que fican na patria, arelando a súa liberdade. Ista acción foi rubricada polos concorrentes cunha longa i entusiasta ovación.

A seguido don Manoel Puente, despois dunhas axeitadas observacións en col do destino que os homes de recursos deben darlle aos diñeiros, logo de encher as necesidades materiais e as obrigas familiares, invitounos a que, unidos a ele, ou cada un pola súa conta, deáanse á tarefa de financiar obras que, como a da Historia, son de urxente necesidade pra xerarquizar a cultura do noso país, tal como o Diccionario Etimológico da Lingua Galega, o cal feito coa metodización e os coñecimentos científicos da hora actual, daríalle a no-

sa lingua oxe proscrita dos centros de cultura polo cerrilismo sarraceno, a outa categoría que pola súa tradicional soleira cultura merece.

Findou o Sr. Puente, faguendo coas súas patrióticas verbas un chamado pra que os emigrados dun ou doutro xeito enchen o valeiro que a incuria oficial e o teima centralista non deixan levar a cabo na nosa patria, a prol de tudo canto sexa obra de ben común pra Galiza, cujos conceptos premiou a concurrencia cunha entusiasta salva de aplausos.

De seguida usou da verba o Sr. Rodolfo Prada, quen con acertados conceptos puxo de releve a fonda significación do aito que se celebraba e de cuxo brillante discurso estraguemos o seguinte:

"Eiquí temos hoxe, baixo os nosos ollos ledos, os orixinaes dos limiares da Historia de Galicia. Iles son boa mostra do certo método co que se vai facendo a obra. Encétase co obrigado prólogo, fatura de Don Ramón Otero Pedrayo, director da obra. Lle sigue: 1) Amplo estudo da terra galega, do chán da nación galega, onde se desenrolaron os sucesos que se teñen de historiar. Leva por tido "Síntesis Xeográfica da Terra Galega", lumioso traballo de mes. Otero Pedrayo; 2) Estudo en col das xentes galegas, estraordinario traballo feito polo erudito Vicente Risco, tidadot "Introducción etnográfica a Historia de Galicia". Súa importancia pódese albisar polos nomes dos capítulos: "Cultura Popular", subdividido así: "Espricadeira previa", "Antoloxía popular", "Relixión", "Creencias relacionadas coa relixión", "As festas do ano", "Supersticións"; logo outros capítulos, "Os homes, a familia e a Sociedade", "Literatura e Arte", "Santuarios e Romaxes", "A vida tradicional na aldeia galega"; 3) Longo e xurdie estudio feito polo sabido pesquisador Xoáquin Louraño en col dos elementos de que dispón o home galego, de como vive, de como se mantén e de como desenrola súa actividade. Divide o lumioso traballo en 6 capítulos: 1) "A Terra", "Os produtos do campo", "A Faccenda", "Os produtos do mar", "A conservación da pesca", "A caza", "A mineira"; 2) "A casa", "As construcións ogjetivas", "As construcións comunais", "A moblaxe"; 3) "Os oficios", (rexístra i estuda uns treinta e oito); 4) "Os tecidos", "O tixe"; 5) "A mantenza"; 6) "O camiño" "O carreiro".

Tudo elo ía ilustrado con ricaz conxunto de mapas, cartografías, fotos e dibuxos.

Ao remate do seu discurso a concurrencia premiou ao Sr. Prada cunha sostida salva de aplausos. Pechou o aito o Sr. Antón Alonso Ríos, Segretario do Consello de Galiza, que dirixiu aos presentes unha patriótica alocución, no que resaltou a importancia do acontecemento que tiña lugar, destacando o patriotismo de D. Manoel, que fixo posíbel que unha obra de estraordinaria importancia da que se está levando o cabo sexa de moi pouco tempo unha fermosa realidade. As breves i aceras verbas do Sr. Alonso Ríos foron rubricadas con fortes aplausos.

Rematadol os discursos, os concorrentes foron ousequados con un "lunch" que trascurriu cheo de animación.

ANIVERSARIO DO CENTRO BETANZOS

O Centro Betanzos, celebrou o sábado 12 do corrente mes de Decembro cunha sea servida nos seus salóns da rúa Méxco 1660 o 48 cabo de ano da súa fundación. A dista ceo contou cunha numerosa e calificada concurrencia de comensales que quixeron testifoiar deste seito como o Centro Betanzos tanto foi seu homenaxe a unha entidade que polo con nome e o prestixio de Galiza. Pra se referir ao acontecemento que se celebraba, fixeron uso de berva o presidente de entidade org. ganizadora, Sr. Suárez Dópozo e o segretario do Consello de Galiza Sr. Alonso Ríos, os que destacaron o labor patriótico que desenrola a entidade ao seo da nosa colectividade.



As sen da zanfona

Cavilacións do Porco

por VERDUGUILLO

Todo en aparencia tópase, na Hespaña o mesmo que fora, de aceite, unha balsa.

A falanxe bate, de contento, palmas— os dólares danlle grande confianza, e un porvir de rosa xubilosa agarda.

Os que teñen cartos viven na abundancia; os que non —os teñen apértanse a panza.

En xeral, o povo baila, ríe e canta. ¿Qué vai a facere? Con chorar, ¿qué gaña?

Hai ali de todo; a vida é barata. Así dín, al menos, algúns papanatas que coa bolsa chea de cote viaxan.

Aquelo, sen dúbida, pol-o que se fala, non é un paradiso, mais pouco lle falta.

Non ostante o coche moi rufo non anda. A barriga tena bastante máis fraca; o fuciño murcho, as orellas laxas, os ollos tristesiros a cachola baixa, par que tivera unha fonda mágoa.

Moitas veces deixa a maceira intaita, e non lle apetece nin siquiera as landras, pol-as que denantes sempre toleaba.

Na noite, desperta máis dunha vegada e abrouxa o cortello con berros que espantan, cal si pesadela de morte e asaltara.

E correndo sao como unha pantasma que pra o mesmo inferno e demo levara.

¿Qué lle pasa ao porco veirando da Hespaña, que en tres días morre?

¿Non sera a concencia, so ten conturbada? ¿Ou ceñía receia que a súa alianza sexa de improviso auga de horrallas?

—O Tío Sam é un tío que ten toda a barba; e si o moscovita con él se amigara, déixama na rúa sen nengunha lástema.

Tal pensa o cochino, e non erra nada, porque como reza unha vella máisima: "O traídor non é mester sendo a traición é pasada".

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

A NOSA BANDEIRA (NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos, forxá, forxade grillos. Pode oprimir o ferro. Un corpo enfraquecido; Mais as nobres ideas. E gloriosos instintos... Eses... non pode non o duro. Nin a morte extingúilo. EDOARDO PONDAL

Año XXXV - Núm. 48



BOS AIRES, DECEMBRO DE 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

A Prol Dunha Catedra de Galego

Por MANOEL FEDREIRA

O povo galego é tradicionalmente un povo de principios liberais, de espírito aberto a tanta inxenuidade xurda da mente humana, no anseio de esa constante superación de ese permanentemente esclucar na condición do home o de seu destino, que constitúe o proceso da civilización. Cecais elo sexa consustancial coas correntes de sangue celta que bulen nas nosas veias, coa inxenuidade de ese antego povo que percorreu todos os camiños de Europa sin acadar o lugar preciso onde acougar definitivamente, nin a estrutura política que lle dera corpo estable ás vastas dimensións do mundo celta, a pesares dos notables progresos na organización social de eses povos.

A facilidade de percibir a ricas multiplicidade de matices da vida, na que con tan prodixos os povos celtas, cecais conspira contra a formación dun mundo organizado e dirixido por eles, de unha grande organización estatal, como moitas das creacións de grandes proporcións acaladas polo home, son en certo modo produto dunha visión simple e stavola da vida. En troques, esa predisposición celta constitúe para os des-

cendentes de eses povos, a meirande garantía para non caer en perigosas simplificacións que rematan anulando a persoa en aras de principios elementais. E así que as doutrinas feixistas non fixeron mella en povos de raíz celta, que co seu espírito de análise e a súa ironía nunca tomaron en serio a "superioridade" dos opresores feixistas nin da súa filosofía negativa, cando nos avatares da derradeira guerra asolagaron os seus países, e acharon en si mesmos a forza necesaria para contrarrestar os efectos perniciosos da súa dominación.

No povo galego longos séculos de loita fan nidiamente da forza de ese espírito e da súa rexedume. Desde os tranduíos até os nosos días cado movemento houbo que percurara unha migalla de liberdade contou sempre co apoio e simpatía dos galegos. Nos intreos de derrota sempre seupo conservar a honra e a altivez, nunca se entregou vencido e sempre se conservou fidel aos seus máis queridos ideais, como tan nidiamente

simboliza o inmorrente Castelao na súa firmeza e integridade, na súa acción e no seu pensamento a prol dos nosos problemas, pensamento lon superado porque é o sentimento vivo do noso povo. E n-estes intreos en que vive a represión máis feroz e tenebrosa da súa historia, en que se quere anular a súa personalidade de povo diferenciado e borrar o seu idioma, o povo galego sigue máis firme que nunca nas súas conviccións, fidel ao chamado do sangue, esperando o intre axeitado para discutir e exercitar os seus dereitos inalienables.

O noso povo non se entrega nin pide esmolos de alieos e traidores que están a abafalo coas súas iniquidades; o povo galego reclama os seus dereitos con dignidade e entereza. As liñas están perfectamente definidas e con enemigis de tal cran non hai contemporizacións posibles, nin se aceptan favores. Emporiso os galegos que sentimos bulir nos nosos corpos as forzas ancestrais dos nosos precursores, ollamos con desprezo ese xesto pavoroso, se non fora tráxico, dunfado de figuróns do réximen franquista que van pedindo vergoñosamente a esmola dunha cátedra de idioma galego na Universidade de Madrid, sin regatear loubanzas a tanta forza e principio negativo hay na realidade hespañola. Non sabemos se será para facer un curso acelerado de sentimento galego e de decoro ou se será para enseñarlle o noso idioma os funcionarios casteláns quepretendan vir a colonizarnos. O que si sabemos seguro é que eses señores, por mor de haber nado en Galiza, non son quen para abrogarse a representación de noso povo, porque irresponsables e traidores hainos

Os Galegos non Deixamos a Terra pra Façer Turismo...

Os emigrados, que sufrimos en carne propia o drama da emigración, sabemos moi ben que ele é un problema económico que Galiza ven padecendo por mor do centralismo; desde Galiza deixou de SER, pra se converter nunha colonia do terril imperio castelán.

O galego emigra apulado por unha inopostergabel necesidade de pan. E iso de que emigra levado do seu saudoso espírito racial de camiñar, de tripar terras alieas, países exóticos pra logo sentir a morriña da volta á TerraMai, decote nos parresceu unha paparruchada de señores trasnoitados, de pseudo intelectuais que ifloran - nin cuidamos que lle importe - os graves e trascendentais problemas tanto económicos como culturais que dende lonxe aqueixan a nosa Terra.

Encol destes señores, dixo Castelao que coitaban que os labregos eran uns probes seres cúa única misión era traer patacas e leite á vila...

Tamén dixo o gran Castelao, que o galego emigra, porque se non resista coa miseria...

Todo isto, ben a conto, porque en "Galicia", periódico d'emigrados, na primeira plana e de xeito destacado, apareceu un artigo firmado por un tal Máximo Castiñeiras García, quen, nun pretendido estilo litera-

rio teima faguernos comungar con rodas de muíño...

Os galegos non somos un povo de turistas. Somos si, un povo, un esventurado povo espoliado por un miserabel réxime de colonia que nos afoga espiritual e economicamente, dende fai catrocentos anos. En canto a que "el gallego es hombre universal, que tiene a la universalidad; que es universalmente conocido", non é máis que unha burda patraña propia de reaccionarios interesados en manter ao povo na ifloranza dos seus propios problemas; disfracar, pietizándoo, a dramática realidade do emigrante galego que, apulado pola miseria, deixa a terra, pra ir polo mundo oferescendo ao millor pastor, a probe mercancia dos seus brazos. Dai a nosa tristeira universalidade, universalidade de parias...

Endeben, a cousa vai millorando. Xa non é fácil facer comungar ao povo con rodas de muíño. Temos localizado ao noso nemigo secular: O Estado hespañol nas súas diversas formas de goberno, e sabemos moi ben que no camiño do progreso e benestar económico e cultural do noso povo, non colle arranxo nen entendemento cos hespañóis que non sexa en base da liberdade e independencia do noso país.

Homenaxe a Pardo de Cela

No casal do Centro Betanzos organizado polas Mocedades Galeguistas, levouse a efecto un aito de homenaxe e lembranza do Mariscal Pardo de Cela, o día 16 do corrente mes de Decembro.

Perante un público calificado e numeroso, entre o que se atopaban delegacións das Mocedades Vasca e Catalá, dou comenzo o aito coa interpretación do Hino Galego a cargo do conxunto coral "Os Rumorosos" do devandito Centro Betanzos, a pös dontra celebradas intervencións da coral, o Sr. Coules Tizado fixo a presentación do delegado vasco, quen refírese á data que se celebra, pondo de releve a semellanza dos movementos nacionalista de Galiza e Euzkadi; estendouse logo algunhas apreciacións tocantes a Galiza, a que dixo coñecer por haber cursado estudos na nosa Terra, pra remontar faguendo votos pelas liberdades da nacionalidade peninsular, que fixou baixo o brutal poder hexemónico de Castela.

A seguido paleo o representante dos mozos cataláns, que analizou calto de ser a posición de galegos, vas-

cos e cataláns perante a incomprensión que sobor do problemas das nacionalidades, amostan a maor parte dos republicanos centralistas, entre os que destacaou a salvador de Madariaga, os que, a pesares do seu liberalismo que pregoan, non legran enxuguer a realidade do problema ibérico.

Derradeiramente, ocupou a tribuna o Sr. Ramón de Valenzuela, quen con variles conceitos, refírese ao sacrificio, do Mariscal Pardo de Cela, vítima da dominación aliea, pola que Galiza perdeu as súas liberdades, vivindo inda axe baixo un réxime equivalente a un estado de colonia. Ao se referir aos Reis Católicos, dominadores do noso país, destacaou o maquiavelismo que puxeron en xogo pra acadar os seus auxetivos de poder domear a Galiza, e pondo de releve o peccado do Estado Hespañol, cuctado por tan funestos persoaxes da Historia peninsular.

As derradeiras verbas do Sr. Valenzuela, así como as oracións dos mozos vasco e catalá, foron pechadas con longos i-entusiasmas aplausos.

OLLO AO PEIXE, SEÑORES CARPETOBETON.COS!

(Ven da páx. 1) nas cidades comprendidos por es tales bases non era estraño oír aos chilungos uniformados e aos funcionarios de "otras regiones" empregar o calificativo de "gallego" como sinónimo de cobarde ("gallego, si no lo haces", etc.) e de que lles dixeran aos probes quintos ou apballudos labregos: "gallego tenias que ser", como eispresión do máisimo menosprecio. (Craro que a maior parte da burocracia, asimilada en corpo e alma por Castela, non sovitábanlle eses aldraxes aos seus frú estas mágoas; pais previsores ifilos, prohibíndolles de xeito inflexible falar en galego. (Supimos que a Don Patricio caparolle o sentimento galego d'esa maneira).

Si, estamos curados d'espantos, e os yankees pouco máis nos poden ensinar n-ese senso. Non embargantes, estamos moi lonxe de dexarlle aos povos hispánicos de lingua castelán que o Tio Sam lles impoña un réximen coma o que Galiza leva sufrindo ao longo de máis de catro séculos e os galegos estamos sempre dispostos a xunguir os nosos esforzos aos d'eles cando haxa organismos responsables con quen tratar e o entendemento se busque sobor da base de iguais deberes e iguais DE-REITOS nazonaes, e non pra utilizarnos como cipaios contra dos ancelos reivindicadores da nazonalidade galega.

Esto queda dito a conta da afirmación insidiosa, divisionista, tendente a afondar resentimentos, de que consideramos nemigos aos hespañóis "de otras regiones" polo solo feito de non seren galegos. A situa-

ción é a inversa: son eles os nemigos intolerantes de canto non sexa castelán; eles son quen, coa súa insoportabel teima asimilista, impiden decote que haxa convivencia fraternal de povos; eles somentes cobizan a sounisión incondicional.

Consideramos, si, nemigos aos hespañóis contrarios á liberdade nazonal de Galiza, mais consideramol-os nemigos POLITICOS. O día que os povos de fala castelán da península cesen nas súas agresións contra do ser nazonal de Galiza, cando deixen de tenzoar facer dos galegos réplicas despersonalizadas dos netos de Sabe-la a Católica, ese día acabarán as xeneiras. Namentras, defenderemos con uñas e dentes os dereitos nazonaes de Galiza, contra da torpe prepotencia das dereitas e a incoherencia das esquerdas.

O despampanante editorial de marras ensaia logo a "guerra psicolóxica", e invita aos galeguistas "honestos" (sic) a desertar da súa organización que pasen a reforzar as filas de Don Patricio Cayón. Esto é xa unha ofensa gratuita e intolerabel aos galeguistas. O de "honestos" é sin dúbida un entemismo; o que eles queren sinificar e tráfugas. D'ese xeito enganchábase aos mercenarios, pro non a adhesión de homes libres e responsables.

On pensa o monfate que os galeguistas fican tan fementes de aparescer firmando manifestos ou de que os fagan directores do periódico "Galicia"? (Olo, as comillas teñen dobre intención).

Non, señores carpetobetonicos; inda hai categorías morales. Os Patricios Cayóns non se dan tan abundantes

na nosa coeividade. Ese "ciudadano", que cando a Federación estaba dirixida por xente responsable e que velaba polo creto do periódico nunca poido pasar de correxir as crónicas das sociedades (e nin eso facia ben), pasa por calquer cousa con tal de ocupar o posto que prestixiaron hábiles e cultos periodistas como Eduardo Blanco-Amor, Domingo Cu-beiro, Alfredo Baltar e outros (non son santos da nosa devoción), lestampar a súa rúbrica ao pé de pingosos artigos que unhas végadas parecen escritos por Cantinflás e otras por Queipo del Llano (sin a gracia que istes poideran ter); e que cando se mete a facer literatura "pura" os seus artigos parecen transcripciones do diario turístico e sentimental do presidente de "Casa de Galiza".

Déixense de amolar. "camaradas". Non abusen da paciencia da coeividade. Conformente con que poidan agañar pola Federación, pro que non se lles faga o campo orégano.

N'esa entidade, con xenerosos lemas políticos pro non constituída sobor de bases políticas orgánicas, son posibles as infiltracións máis ou menos raposeiras; pro non todos os días é martes d'entroido e o que lle ocorreu a esa entidade servellas de saudábel aviso ás outras. Co estribillo do "frente nacional" xa conseguiron dividir a nosa coeividade, traendo ao seu seo as discordias e intolerancias d'ese campo d'Agramante que é a política hespañola. Denantes estaba xunguida ao redor dos outos postulados de República pra España e liberdades nazonaes pra Galiza. Lograron desvenceallar á Federación d'eses xenerosas tarefas e pola a o servico esclusivo l'escluinte dos intreses de partido, hespañol ou quen sabe d'onde. A présa non é pequena; pro non se fagan moitas ilusións sobor do tempo que a podrán manter nas gadoupas. O incoercible sentimento galego (xa que non a concencia) dificilmente atura coercións como as que está sufrindo e pódelles dar axiña unha in grata sorpresa.

Olo ao peixe!... ROJ QUIMDOR

HOMENAXE DO CENTRO REPUBLICANO ESPAÑOL A CASTELAO

Co gallo de cumprirse o carto aniversario do noso inmorrente guieiro, o Centro Republicano Español de Bós Aires orgaizou un aito en homenaxe á súa memoria. Consistirá nunha velada, na que se descubrirá o retrato do prócer para ser colocado na galería de personalidades do Centro. Farán uso da verba, polo Centro Republicano, o Dr. Carlos Carranza, e pola coeividade galega o Dr. Ramón Rey Baltar. O aito celebraráse o día 9 de xaneiro próximo, ás 19 horas, na sede do Centro, Rúa Bartolomé Mitre, 950.